Concello
de Pontevedra
Servizo de
Benestar Social

rúa de Xofre de Tenorio, núm. 1

986 850 398
sede.pontevedra.gal

Expediente: 2025/SUBDIREC/000024

**Resolución da concelleira da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía pola que se aproba a concesión dunha subvención directa á Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" e se aproba o texto do convenio de colaboración.**

**Entidade interesada: Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" - CIF G36053445**

## Antecedentes administrativos

**Primeiro.**- O Concello de Pontevedra vén colaborando anualmente coa Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" dende o ano 2014 para o desenvolvemento de un programa de ocio.

O 13 de xuño do 2025 a entidade achega solicitude para formalizar un convenio de colaboración para financiar os gastos do seu programa, a cal foi remitida a través do Rexistro Electrónico do Concello de Pontevedra.

**Segundo.**- En data 22 de xullo de 2026 a Concelleira da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía dispúxose a incoación do procedemento administrativo para a formalización dun convenio cunha vixencia de tres anos (2025-2027) entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" co fin de canalizar a axuda municipal coa que poder desenvolver o seu programa de ocio.

**Terceiro**.- Constan no expediente os seguintes documentos para a tramitación do presente convenio:

-Estatutos da entidade e CIF.

-Certificados de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Tributaria estatal e coa Axencia Tributaria de Galicia.

-Certificado de inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións e Certificado do inscrición no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS).

-Declaración responsable de non estar incursa en prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións.

-Seguro de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.

-Memoria de actividades.

-Previsión de balance de gastos e ingresos do 2025, 2026 e 2027.

Por parte do servizo xestor incorpórase certificado de inscrición no rexistro municipal de asociacións e certificado de estar ao corrente coa facenda municipal.

**Cuarto**.- No Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra, na ficha 2026/BS/0007 para os anos 2026-2028 da Área competencial de benestar social, consta dirixida á Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" unha subvención directa cun custo anual de 6.000,00 € para a anualidade 2026 e de 3.000,00 para a anualidade 2027 para financiar os gastos do desenvolvemento dun programa de ocio.

**Quinto.-** No Orzamento xeral de gastos do Concello de Pontevedra para o ano 2026 consta nos seus créditos iniciais a cantidade de 6.000,00 € na aplicación orzamentaria 12-2310-48019, co obxectivo de ser adicados ao outorgamento dunha subvención directa nominativa á Asociación de persoas con



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT

discapacidade “Amizade” e coa finalidade de sufragar parte dos gastos do seu programa de ocio. Co compromiso de financiar polo importe de 3.000,00 € os gastos no 2027, condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento do Concello; sendo o importe total da achega prevista durante a vixencia do presente convenio a cantidade de 9.000,00 €.

**Sexto**.- Consta no expediente a correspondente memoria xustificativa do recoñecemento de interese público e/ou social para a tramitación dun convenio de colaboración para o outorgamento dunha subvención directa á entidade interesada, para levar a cabo o financiamento das actividades en relación a 2027.

## Fundamentos de dereito

**Primeiro.-** O artigo 25.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, sinala con carácter xeral que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal-.

Así como o disposto no artigo 25.2.e) da mesma norma o Concello exercerá en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas entre outras a de avaliación e información de situacións de necesidade social e atencións a persoas en situación de risco ou exclusión social.

Pola súa banda, o artigo 26.1.c) da Lei reguladora das bases de réxime local establece a obriga dos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes de prestar o servizo de avaliación e información se situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Por outro lado no artigo 27.1 da mesma norma sinala que:

> *“O estado e as Comunidade Autónomas, no exercicio das súas competencias, poderán delegar nos municipios o exercicio das súas competencias.*
>
> *A delegación haberá de mellorar a eficiencia na xestión pública, contribuír a eliminar duplicidades administrativas e ser acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”*

E o artigo 27.3 da Lei 7/1985 dispón que, “*co obxectivo de evitar duplicidades administrativas, mellorar a transparencia dos servizos públicos e o servizo á cidadanía e, en xeral, contribuír aos procesos de racionalización administrativa, xerando un aforro neto de recursos, a Administración do Estado a das comunidades autónomas, poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:*

> *“c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.”*

Por último o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia sinala como competencias dos concellos galegos, entre outras, a de:

> *k) A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.*

O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia sinala entre as competencias dos concellos, entre outras, as de:

> *“c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.*



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT

*h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.*

*i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.*

*2. Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados,ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles."*

**Segundo**.- De acordo co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas de entrada en vigor da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, "*As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma."*

**Terceiro**.- O outorgamento de subvencións por parte das entidades locais, como actividade de fomento daquelas cuestións de interese xeral que ao Concello de Pontevedra lle interesa estimular, está prevista e regulada no título II do Regulamento de servizos das entidades locais, de 17 de xuño de 1955.

O artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula con carácter básico que:

*"Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

*a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.*

Ademais, no seu artigo 28.1 ao regular o procedemento de concesión directa das subvencións, sinala que:

*" A resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

*Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais do Estado, ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora"*

Dado que se trata dunha subvención directa nominativa das previstas no artigo 22.2.a) da LXS, o artigo 65 (básico salvo o seu apartado 1), encadrado no CAPÍTULO III dedicado ao procedemento de concesión directa e titulado "Procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos", do Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, preceptúa o seguinte:

*"1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións,son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades*



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT

*Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.*

*2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa especifica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.*

*3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.*

*En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.*

*A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:*

*a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, #de acordo con a asignación orzamentaria.*

*b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención,individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.*

*c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.*

*e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos."*

O título III da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro do 2004, (BOP núm. 190 do 30 de setembro do 2004),regula o procedemento de concesión directa das subvencións.

Ademais, no seu artigo 39 sinala que:

*"Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa"*

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención por importe de 6.000,00 € para os gastos de 2026 (subvencionables dende o 01/01/2025 ata o 31/10/2026), co compromiso de financiar polo importe de 3.000,00 € os gastos do 2027, condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento do Concello, que se instrumentalizará a través dun convenio cuxo obxecto consta no expediente.

Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos (LXS) posibilidade que regula tamén no artigo 65 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36.1.a) da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra (OXS), poderán concederse subvencións directas cando



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT

estivesen previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Pontevedra. A este respecto, para 2026 esta administración preveu no orzamento xeral do Concello unha achega económica de 6.000,00 € á Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" para sufragar parte dos gastos do seu programa de ocio.

Ademais, de acordo co artigo 22.2.c) da LXS, poderán concederse de forma directa as subvencións nas que con carácter excepcional acredítense razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, en relación ao 2027.

**Cuarto-** A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) regula nos artigos 47 a 53 os aspectos xurídicos do convenios sinalando entre outros a definición e tipo de convenios, os requisitos de validez e eficacia, o contido, trámites preceptivos para a subscrición e efectos, extinción e efectos da resolución dos mesmos, e coa seguinte definición:

> "*Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*
>
> *Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.*
>
> *Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público."*

Por outro lado sinálase que: *"Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei."*

En canto aos tipos prevese a posibilidade, entre outros a de:

> ***"****c) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado."*

En canto ao prazo de vixencia, o artigo 49.h) sinala que:

> *"Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se teña previsto un prazo superior. En calquera momento antes do remate do convenio, poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción."*

O artigo 6.2) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sinala que:

> "*Estarán tamén excluídos do ámbito da presente Lei os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais."*

O convenio entrará en vigor no intre da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2027, este carácter plurianual permitirá acadar o obxectivo declarado, sendo gastos subvencionables aqueles que segundo o artigo 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada.



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT

**Quinto.-** O artigo 8 da LXS (con carácter básico) e o artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia dispoñen que:

> *"Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria."*

O contido do PES ven determinado no Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 17 de novembro. Segundo o artigo 12.3 do dito regulamento, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas, establecendo que a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións.

Como consta nos feitos o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os anos 2026-2028 na ficha 2026/BS/0007, da Área competencial de benestar social, consta dirixida á Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" unha subvención directa cun importel de 6.000,00 € para financiar os gastos do desenvolvemento dun programa de ocio.

**Sexto.-** O artigo 7.3) da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, sinala que:

> "*As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten a gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira."*

Segundo establece o artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos (LXS) posibilidade que regula tamén no artigo 65 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36.1.a) da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra (OXS). Para este 2026 esta administración preveu no orzamento xeral do Concello unha achega económica de 6.000,00 € a favor da Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" para o financiamento do seu programa de ocio.

De acordo coa memoria xustificativa incorporada ao expediente, que acredita que se trata dunha actividade de especial interese público e/ou social, a porcentaxe subvencionable acadará 100% do custe de gastos xustificados, sen que sexa de aplicación o suposto xeral recollido no apartado g) do artigo 5 da OXS.

A cláusula décima novena do convenio contempla unha que abrangue dende a súa entrada en vigor, no intre da súa sinatura, ata o 31 de decembro de 2027 este período temporal se xustifica polo feito de querer dar estabilidade a unha actividade que se ven desenvolvendo de xeito ininterrompido no termo municipal de Pontevedra. A este respecto, esta administración preveu nos seus Orzamentos do exercicio 2026 unha achega económica á Asociación de persoas con discapacidade "Amizade" por importe de 6.000,00 euros, para sufragar parte dos gastos do seu programa de ocio, subvencionables desde o 01/01/2025. O importe do convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 12-2310-48019 "CONVENIO AMIZADE: PROGRAMA DE OCIO", co compromiso de financiar polo importe de 3.000,00 € os gastos de 2027, quedando supeditada esta vindeira achega á existencia de crédito nos correspondentes orzamentos.

Por outra banda, de acordo cos artigos 22.2.c) da LXS, 19.4 da LSG e 36.1.c) da OXS, con carácter



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT

excepcional poderán concederse de forma directa aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Deste xeito, para o 2027 a memoria que se incorpora a este expediente por mandato do artigo 50.1 da Lei 40/2015, xustifica como razóns que acreditan o especial interese público na subscrición do convenio e que dificultan a convocatoria pública da axuda a promoción da participación social e a coordinación e cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos aditivos.

Deste xeito, no relativo ao procedemento de concesión da axuda, o seu outorgamento directo para o ano 2026 viría amparado, como dixemos, no artigo 22.2 a) da LXS, tendo o carácter de subvención nominativa, mentres que para as seguintes anualidades estaría motivado no artigo 22.2 c), como vía excepcional á vista das especiais razóns de interese público social e económico xustificadas neste informe e na memoria adxunta.

No presente expediente débese de ter en conta que o artigo 51.7 das Bases de execución do orzamento vixentes determina que queda establecida a incompatibilidade da subvención nominativa como gasto plurianual, toda vez que o carácter nominativo só se pode predicar da parte imputable ao exercicio corrente pola contía consignada nominativamente.

En base ao anterior, o procedemento de concesión directa da subvención axústase ás previsións da LXS, pero para o vindeiro 2027, a eficacia deste outorgamento queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento do Concello que corresponda, tal e como dispón a cláusula cuarta do convenio.

Por esta razón, deberá de terse en conta os compromisos que, no seu caso, se asuman coa sinatura do convenio, tanto para a elaboración dos orzamentos municipais dos próximos exercicios como para a aprobación do novo Plan Estratéxico de Subvencións do Concello, unha vez expire o PES vixente.

**Sétimo.-** A competencia para a concesión da presente subvención directa nominativa está atribuída ao Alcalde, tal e como sinala o artigo 36.3 da OXS, que realiza a delegación desta atribución no Decreto de Alcaldía fixando as áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións de 07 de abril de 2026, que no parágrafo cuarto do seu apartado cuarto sinala que a concesión de subvencións directas corresponderá aos/as concelleiros/as de goberno delegados de área, segundo o seu ámbito funcional, sempre e cando sexa competencia de Alcaldía, nos termos establecidos na Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra. E no apartado segundo.8 crea a Área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, e no epígrafe d) lle delega os Servizos Sociais.

Por outro lado, e tendo en conta o artigo 124.4.a) da Lei de bases do réxime local, o artigo 13 do Regulamento orgánico municipal do goberno e da administración do concello de Pontevedra, corresponde ao Alcalde, a formalización do mesmo, dada a súa competencia de representar ao Concello de Pontevedra.

**Oitavo**.- Con carácter previo á aprobación do outorgamento da subvención e á sinatura do convenio deberá remitirse o expediente á Asesoría Xurídica en cumprimento do disposto no artigo 56.1.b) do Regulamento Orgánico do Goberno e Administración do Concello de Pontevedra, a continuación deberá remitirse o expediente ao Servizo de Intervención Municipal, para a súa fiscalización previa de conformidade co disposto nos artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004 de 5 de Marzo polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Posteriormente, o convenio debe remitirse para a súa constancia, coordinación e control debido, ao libro rexistro deste tipo de negocios xurídicos, existente neste Concello, ao abeiro do establecido no artigo 144.3 LRXSP.

**Noveno**.- De acordo co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT

goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e, no que á subvención se refire, deberá comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos indicados no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

En consideración a todo o exposto, a concelleira delegada desta Área, no exercicio das competencias atribuídas por delegación mediante decreto de Alcaldía consonte coa lexislación vixente:

RESOLVE

**Primeiro.-** Aprobar a concesión dunha subvención directa á Asociación de persoas con discapacidade "AMIZADE" con NIF G36053445 para levar a cabo o financiamento do seu programa de ocio "Amiocio" dende a entrada en vigor, no intre da súa sinatura, e ata o 31 de decembro de 2027, nos termos previstos no convenio regulador da axuda, cunha achega económica municipal de 6.000,00 € para 2026 e de 3.000,00€ para o 2027.

**Segundo.-** Autorizar e dispoñer o gasto relativo ao convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de persoas con discapacidade "AMIZADE" con CIF G36053445, para levar a cabo o financiamento do seu programa de ocio durante o período 2026-2027.

**Terceiro**.- Aprobar o texto de convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de persoas con discapacidade "AMIZADE" con NIF G36053445 para levar a cabo o financiamento do seu programa de ocio, e cuxo texto se atopa no expediente administrativo co seguinte CSV D6KJOUOLPY038KVD.

Así o dispón en Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica, a persoa responsable da concellería da Área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, por delegación mediante decreto de Alcaldía de data 7 de abril de 2026, do que eu, o Secretario da Administración Municipal, dou fe.

Asinado por: JOSE LUIS MATO RODRIGUEZ
Servizo: SECRETARÍA DO PLENO
Cargo: SECRETARIO XERAL DO PLENO
Por ausencia ou abstención do titular, o secretario accidental
Data: 07/10/2026
RESOLUCIÓN: 2026009274

Asinado por: ANABEL GULIAS TORREIRO
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 07/10/2026



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:5BRIRKBPR5TI98LT